

2015
2019

A Asemblea Xeral define a posición de Cruz Vermella Española durante o próximo período (2015-2019) e acorda os compromisos de actuación co obxecto de estar **cada vez máis preto das persoas.**

Como queremos ser os próximos anos?

Unha organización humanitaria de carácter voluntario, fortemente arraigada na sociedade, que lles dea respostas integrais ás persoas vulnerables desde unha perspectiva de desenvolvemento humano e comunitario, reforzando as súas capacidades individuais no seu contexto social.

Que pretendemos lograr?

Estar cada vez máis preto das persoas vulnerables nos ámbitos nacional e internacional, a través de accións integradas, realizadas esencialmente por voluntariado e cunha ampla participación social e presenza territorial.

Como queremos facelo?

- **Proximidade.**
Analizando as realidades no contorno máis próximo ás persoas.
- **Voluntariado.**
Cun voluntariado que actúe como axente de cambio e transformación.
- **Participación.**
Impulsando novos escenarios de participación e colaboración co obxecto de intensificar o noso ideario humanitario.
- **Orientación á persoa.**
Situando ás persoas no centro do noso compromiso humanitario.
- **Vínculo.**
Evidenciando o noso compromiso e proximidade ás necesidades, intereses e capacidades das persoas.
- **Orientación comunitaria.**
Buscando a cooperación e a relación con outros actores da sociedade.
- **Corresponsabilidade.**
Compartindo responsabilidades, proxectos e servizos favorecendo o traballo en rede.
- **Bo goberno.**
Asegurando un modelo de actuación institucional baseado na integridade, austeridade, transparencia e responsabilidade.
- **Innovación.**
Xerando mediante a investigación solucións creativas e sustentables aos problemas das persoas.
- **Eficacia e eficiencia.**
Axilizando e simplificando procesos para lograr unha organización máis áxil, forte e sustentable.
- **Resposta integral.**
Desenvolvendo accións integrais que lles dean resposta ás necesidades das persoas.



www.cruzroja.es 902 22 22 92

 www.facebook.com/CruzRoja.es

 @CruzRojEsp



Humanidade Imparcialidade Neutralidade Independencia Voluntariado Unidade Universalidade



Entre todas e todos decidimos...

Cada vez máis preto das persoas  Cruz Vermella

...os nosos compromisos

Que
faremos

nestes
catro anos?

2015
2019

Unha Cruz Vermella comprometida...

Desde os nosos principios e valores,

promovendo a difusión do dereito internacional humanitario e dereitos humanos, aumentando a nosa cohesión arredor dos nosos principios e valores fundamentais e impulsando a nosa capacidade de influencia a través da diplomacia humanitaria.

En resposta ás situacións de vulnerabilidade,

adaptando as nosas actuacións aos cambios e demandas sociais, potenciando un enfoque integral da intervención e reforzando, tanto a vertente preventiva como a dimensión transformadora.

En alianza coa sociedade,

impulsando o papel do voluntariado como elemento de resposta e estímulo na participación, cooperación e solidariedade cidadá, logrando ser referentes na promoción, capacitación e educación nos ámbitos da saúde, os socorros e as emerxencias e potenciando as redes e alianzas como elementos de transformación social.

En constante evolución,

fortalecendo a nosa rede territorial, diversificando as fontes de financiamento, mellorando o modelo de xestión e afondando na mellora da transparencia, o bo goberno e a rendición de contas como aspectos clave para garantir a confianza da poboación cara á institución.



Persoas e familias afectadas pola crise

Facilitando o apoio necesario para que poidan superar a crise.



Infancia

Favorecendo a igualdade de oportunidades, eliminando barreiras e educando.



Persoas maiores, dependentes e cuidadoras

Favorecendo a súa permanencia no domicilio e un envellecemento activo e saudable.



Mocidade

Activándoa para fortalecer a súa autonomía e desenvolvemento persoal.



Persoas en situación de extrema vulnerabilidade

Paliando as necesidades anímicas e materiais das persoas que se encontran en situacións extremas.



Persoas inmigrantes e refuxiadas

Asegurando a atención humanitaria e contribuíndo á súa integración social.



Mulleres en dificultade social

Dándolles o apoio necesario ás mulleres que se encontran en situacións de gran vulnerabilidade e en especial ás que sofren a violencia de xénero.



Persoas con adiccións

Previndo, paliando e reducindo os danos.



Persoas con diversidade funcional

Contribuíndo a que poidan desenvolver as actividades cotiás sen dificultades e en igualdade de condicións.



Persoas afectadas por VIH

Reducindo o número de persoas afectadas, dándolles soporte ás persoas seropositivas e loitando contra o estigma.



Persoas en situación de desemprego

A través de iniciativas de activación laboral, mellorando a empregabilidade, facilitando o acceso ao mercado laboral e apoiando iniciativas de autoemprego.



Persoas privadas de liberdade

Favorecendo a reinserción social e facilitando a reparación de danos.



Socorros e emerxencias

Dispoñendo de capacidades para lles facer fronte ás emerxencias de distintos tipos e niveis en coordinación coas autoridades competentes en cada caso.



Saúde-Poboación en xeral

A través da prevención e promoción de hábitos saudables.



Formación

Mellorando as competencias e habilidades das persoas.



Medio ambiente

Actuar intervindo para que a deterioración ambiental non lles afecte ás persoas vulnerables e contribuíndo á súa mellora.



Estudos e innovación social

Mellorando a atención das persoas a partir da análise e o coñecemento da situación das nosas persoas usuarias.



Cooperación internacional

Trasladando o noso compromiso solidario ás poboacións máis vulnerables doutros países.

Para quen traballamos?